



## Concello de Xermade

---

### MEMORIA DA ALCALDÍA

Tendo en conta a natureza das actuacións, estamos ante un contrato administrativo de servizos regulado no art. 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (en diante LCSP), cuxa necesidade, de acordo co art. 28 do LCSP ven xustificada polas competencias en materia de servizos sociais comunitarios que a normativa autonómica lle atribúe aos concellos.

#### 1.- Marco normativo e competencial.

O Concello de Xermade ostenta competencias en materia de servizos sociais no seu termo municipal, de conformidade coa seguinte normativa:

A) O artigo 25 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local establece:

«Artigo 25.

1. *O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.*

2. *O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:*

(...)

e) *Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social».*

A literalidade deste artigo veu dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que regulaba o marco de competencias propias dos concellos e atendía ao reparto competencial baixo o lema "unha administración, unha competencia". Así, no ámbito dos servizos sociais límitase a competencia de titularidade propia á indicada de avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou en risco de exclusión social, modificando a redacción anterior que era máis extensa e falaba da «Prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social».

En dita norma, a Lei 27/2013, introduciuse unha disposición transitoria 2ª, que indicaba:

«1. *Con data 31 de decembro de 2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas Locais, as Comunidades Autónomas asumirán a titularidade das competencias que se prevían como propias do Municipio, relativas á prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social.*

*As Comunidades Autónomas asumirán a titularidade destas competencias, con independencia de que o seu exercicio se viñese realizando por Municipios, Deputacións Provinciais ou entidades equivalentes, ou calquera outra Entidade Local.*

2. *No prazo máximo sinalado no apartado anterior, e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos, as Comunidades Autónomas, no ámbito das súas competencias, haberán de asumir a cobertura inmediata da devandita prestación.*

3. *En todo caso, a xestión polas Comunidades Autónomas dos servizos anteriormente citados non poderá supor un maior gasto para o conxunto das Administracións Públicas.*

4. *O disposto nos apartados anteriores enténdese sen prexuízo da posibilidade das Comunidades Autónomas de delegar as ditas competencias nos Municipios, Deputacións Provinciais ou entidades equivalentes, de conformidade co artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.*

5. *Se na data citada no apartado 1 desta Disposición, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento das Comunidades Autónomas e das Facendas Locais, as Comunidades Autónomas non asumiron o desenvolvemento dos servizos da súa competencia prestados polos Municipios, Deputacións Provinciais ou entidades equivalentes, Entidades Locais, ou no seu caso, non acordaron a súa delegación, os servizos seguirán prestándose polo Municipio con cargo á Comunidade Autónoma. Se a Comunidade Autónoma non transferise as contías precisas para iso aplicaranse retencións nas transferencias que lles correspondan por aplicación do seu sistema de financiamento, tendo en conta o que dispoña a súa normativa reguladora».*

B) A Lei 13/2008, de Servizos Sociais de Galicia, indica no seu artigo 8:

«Artigo 8. *Estrutura básica dos servizos sociais*

1. *O sistema galego de servizos sociais estrutúrase en forma de rede, conforme a dous niveis de actuación:*

a) *Servizos sociais comunitarios, que comprenden, á súa vez, dúas modalidades: servizos sociais*

---

## Concello de Xermade



## Concello de Xermade

---

comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos.

b) Servizos sociais especializados.

2. Cada nivel de actuación contará cos equipamentos e as persoas profesionais e equipos técnicos interdisciplinares que se determinen regulamentariamente.

Artigo 9. Dos servizos sociais comunitarios

1. Os servizos sociais comunitarios, de carácter predominantemente local, están referenciados a un territorio e poboación determinados e constitúen o acceso normalizado e o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais.

Artigo 60. Competencias dos concellos

1. De conformidade co previsto na presente lei e na lexislación de aplicación sobre réxime local, corresponden aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:

a) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos.

b) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59,i).

c) A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas polas mesmas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais.

d) A promoción e realización de estudos e investigacións sobre a problemática dos servizos sociais no ámbito local e a divulgación dos resultados obtidos nos mesmos.

e) A detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito territorial.

f) A elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial, de conformidade co previsto no artigo 48 da presente lei.

g) A participación, como entidade colaboradora, na xestión das prestacións económicas e, no seu caso, nas subvencións concedidas pola Xunta de Galicia, nos termos legalmente establecidos.

h) O fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.

i) A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.

j) A coordinación dos servizos sociais cos restantes servizos municipais e das restantes administracións no desenvolvemento dos plans e programas de intervención comunitaria, facilitando a participación das entidades sociais e a implicación da cidadanía no proceso.

k) Cantas outras lles estean atribuídas ou lles sexan delegadas, de acordo coa lexislación vixente.

2. Estas competencias exerceranse polos concellos, por si mesmos ou asociados, ou a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, a fin de acadar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.

Artigo 61. Dos servizos sociais mínimos garantidos polos concellos

1. Cara a garantir unha oferta pública de servizos sociais a todas as persoas, con independencia da súa residencia, todos os concellos de Galicia asegurarán, como mínimo, a prestación de servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal.

2. Se a prestación destes servizos mínimos resultase imposible ou de moi difícil cumprimento, poderase solicitar a súa dispensa, seguindo o procedemento establecido na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.»

C) Por último, recentemente a Lei 9/2017, de medidas fiscais e administrativas, modificou o artigo 64 bis da Lei de servizos sociais, co seguinte teor:

«3. Conforme ao establecido na lexislación de réxime local e na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, as competencias que corresponden aos concellos en materia de creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios en virtude do disposto no artigo 60 desta lei, teñen o carácter de competencias propias atribuídas pola lexislación autonómica, polo que para o exercicio de tales competencias polos concellos non serán exixibles os informes que prevé o artigo 3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, para o caso de exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación.»

En suma, logo da idea inicial da Lei 27/2013 que limitaba as competencias municipais en materia de servizos sociais para que foran asumidas polas CCAA, apenas houbo mudanzas reais, sexa pola falta das necesarias normas de financiamento autonómico e local sexa pola retroacción legal efectuada pola normativa galega, e dese xeito o servizo de axuda no fogar sigue sendo prestado dende entón polos Concellos, e en Galicia, xa en calidade de competencia propia.

### 2.- Insuficiencia de medios.

Consta informe de insuficiencia de medios emitido pola traballadora social o 20/05/2019.

---

## Concello de Xermade



## Concello de Xermade

---

### 3.- Xustificación do orzamento base de licitación.

De conformidade co indicado no artigo 100 da LCSP:

«Artigo 100. Orzamento base de licitación.

1. Aos efectos desta Lei, por orzamento base de licitación entenderase o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, agás disposición en contrario.

2. No momento de elaboralo, os órganos de contratación coidarán de que o orzamento base de licitación sexa adecuado aos prezos do mercado. Para ese efecto, o orzamento base de licitación desagregarase indicando no prego de cláusulas administrativas particulares ou documento regulador da licitación os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación. Nos contratos en que o custo dos salarios das persoas empregadas para a súa execución formen parte do prezo total do contrato, o orzamento base de licitación indicará de forma desagregada e con desagregación de xénero e categoría profesional os custos salariais estimados a partir do convenio laboral de referencia.»

Aos efectos de determinar a adecuación co orzamento base de licitación cos prezos de mercados, analízanse diversos criterios.

En primeiro termo, o custe actual do servizo, derivado do contrato formalizado o 28/05/2013 e que finalizou o 28/05/2017 é de 11,55euros/hora.

A licitación do servizo que ven de quedar deserta por renuncia das tres licitadoras partiu dun prezo/hora de 12,55 euros, polo que se estima que este prezo non se axusta ao prezo de mercado actual.

Non obstante, a Xunta de Galicia considera que o custe hora do servizo de axuda no fogar é de 9,70 euros, sen distinguir entre horas ordinarias e horas extraordinarias.

Por outra banda, segundo o equipo de Coordinación da Subdirección de Asuntos Sociais da FEMP, no documento "A situación do servizo de axuda a domicilio no ámbito local e perspectivas de futuro", o custe medio de hora de prestación de servizo se sitúa nos 16,01 €.

En segundo lugar tamén se efectuou unha análise do mercado para atopar diferentes referencias de prezo en concellos de Galicia, xa que se considera esencial coñecer ditas referencias para realizar una correcta valoración económica do contrato e así fixar o valor estimado do contrato, tal como consta no informe emitido pola traballadora social:

*"Tendo en conta as adjudicacións do SAF realizadas nos últimos 12 meses en municipios tanto da provincia de Lugo como no resto de Galicia, que a modo de exemplo se indican:*

*Abadín: adjudicado o 03/08/2018 a 12,85 euros (sen IVE), segundo publicación no BOE nº 205 do 24/08/2018.*

*San Sadurniño: anuncio de licitación publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público o 22/03/2019, cun prezo/hora de 14,45 euros (sen IVE).*

*Valdoviño: información publicada no perfil do contratante, prezo custo/hora: de luns a sábados 12,50 euros por hora de servizo, sen IVE; domingos e festivos: 14,00 euros por hora de servizo, sen IVE.*

*Ordes: segundo o prego da mancomunidade, cun prezo/hora de 14,00 euros (sen IVE), sendo adjudicado a 13,20 euros.*

*Tendo en conta que o prezo/hora de saída no prego aprobado polo Pleno en decembro de 2017 foi de 12,55 euros (sen IVE) e a licitación quedou deserta, considerase que un prezo medio de mercado sería 14,00 euros, tanto para SAF básico e SAF dependencia, ben sexan horas ordinarias (de luns a sábado) ou extraordinarias (domingos e festivos)."*

A este respecto, como indica a resolución 2/2018 do Tribunal de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de 16 de abril de 2018, a efectos do cálculo do orzamento base de licitación dun contrato de servizos empregando os datos de concellos similares "é mostra da ausencia de arbitrariedade as razóns esgrimidas polo Concello, antes descritas, como son os prezos dos concellos limítrofes. Outro elemento indicativo de que estamos en prezos de mercado é que se presentaron varios licitadores, dato relevante na resolución de recursos especiais desta temática."

Finalmente, tendo en conta que o obxecto do contrato é a prestación do servizo computado en horas efectivamente prestadas por persoal da categoría de auxiliares de axuda no fogar, segundo o Convenio Colectivo Laboral do sector da axuda a domicilio, segundo as táboas vixentes que resultan da publicación no DOG de 21.11.2012 da Resolución do 6 de novembro de 2012, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da Comisión Paritaria do Convenio colectivo do sector de axuda a domicilio da Comunidade Autónoma de Galicia, relativo ao cumprimento da resolución da sentenza ditada polo Tribunal Superior de

---

## Concello de Xermade



## Concello de Xermade

Xustiza de Galicia no procedemento de conflito colectivo derivado da reclamación do incremento salarial para o ano 2012.

Así, o custe laboral por hora estímase a partir da relación entre o salario bruto anual entre as horas efectivas de traballo, excluindo outros custes extra salariais, seguindo a xurisprudencia entre outras da STSX de Asturias de 23.11.2012, recurso 2679/2011; ou a STSX de Madrid de 10.01.2011, recurso 235/2011):

- Custe anual laboral de auxiliar do SAF: 13.498,1 (964,15 x 14 mensualidades).
- Horas efectivas traballadas: 1755 (artigo 37 Convenio Colectivo).
- Custe salarial por hora: 7.69 euros
- Custe laboral (con Seguridade Social) por hora: 10,23 euros.
- Estimación por hora de gastos xerais (13 %): 1,33 euros
- Estimación por hora de beneficio (6%): 0,61
- Custe total por hora segundo convenio colectivo: 12,17 euros

En termos globais, o orzamento base de licitación para 3.800 horas de servizos a prestar ao concello, tendo en conta que en horas efectivas de traballo se completarían 2,2 xornadas completas anuais (partindo das 1.755 horas efectivas que indica o convenio laboral), das que resulta un custe anual por efectivo con xornada anual de 13.498,1 euros, e con estimación de Seguridade Social de 17.952,47 euros:

### Custes directos

Concepto	Contía anual (en euros)
Gastos laborais (salarios e SS)	486.328,6 €
Subministrados	4.885,20 €
<b>TOTAL:</b>	<b>491.213,80 €</b>

### Custes indirectos

Concepto	Contía anual (en euros)
Gastos xerais (13 %)	63.857,79 €
Beneficio (6%)	29.472,83 €

**TOTAL:** 584.544,42€  
**ORZAMENTO BASE LICITACIÓN:** 635.765,76 €

Tendo en conta estes factores e estimacións, para determinar o valor estimado do contrato partírase do prezo do contrato estimado en contía anual segundo as necesidades actuais informadas polos servizos técnicos municipais para 2019, situándoo na media de 14,00 euros hora ao considerar que, consonte o artigo 100 LCSP é axeitado aos prezos de mercado e ademais superan en todo o caso os custes salariais das persoas (auxiliares do SAF) empregadas para a execución a partires dos custes do convenio laboral de referencia.

En suma, resulta:

Custe/hora	Prezo/hora	IVE	TOTAL prezo/hora (IVE incluído)
SAF BÁSICO	14,00 €	1,40 € (10%)	15,40 €
SAF DEPENDENCIA	14,00 €	0,56 € (4%)	14,56 €

SAF BÁSICO: 4.320 h/ano x 15,40 €/h= 66.528,00 €/ano  
SAF DEPENDENCIA: 39.096 h/ano x 14,56 €/h= 569.237,76 €/ano  
TOTAL (IVE incluído): 635.765,76 €/ano x 4 anos = 2.543.063,04 euros

SAF BÁSICO: 4.320 h/ano x 14,00 €/h= 64.480,00 €/ano  
SAF DEPENDENCIA: 39.096 h/ano x 14,00 €/h= 547.344,00 €/ano

## Concello de Xermade



## Concello de Xermade

---

TOTAL (sen IVE incluído): 611.824,00 €/ano x 4 anos = 2.447.296,00 euros

Respecto da aplicación do IVA, segundo a normativa aplicable (artigo 91.Dous.2.3º da Lei 37/1992), nos casos en que se realicen servizos de teleasistencia, axuda a domicilio, centro de día e de noite e atención residencial que se presten en prazas concertadas en centros ou residencias, ou por medio de prezos derivados dun concurso administrativo adxudicado ás empresas prestadoras ou como consecuencia dunha prestación económica vinculada a tales servizos que cubra máis do 75 por 100 do seu prezo, o tipo aplicable é o 4 por 100, como así acontece neste caso, ao pretenderse un servizo de axuda a domicilio que constitúe unha prestación asistencial de servizos sociais cuxo prezo se fixa en virtude dunha licitación pública, dun concurso administrativo que se adxudicará a unha empresa prestadora.

A execución do contrato desde un punto de vista financeiro está garantida, xa que é financiado pola Comunidade Autónoma de Galicia cos recursos da dependencia e mediante achegas dos usuarios establecidos na ordenanza fiscal correspondente, tal e como reflicte a xeito de resumo o Informe Técnico.

### 4.- Elección do procedemento.

Visto que o valor estimado ascende a contía de 3.606,464,00 euros (IVE excluído), e dado que se prevé un prazo de duración de catro anos prorrogable por un ano máis, estímase procedente a contratación mediante procedemento aberto (art. 156 LCSP) e tramitación ordinaria.

Os criterios de adxudicación propostos son:

#### a) **Criterios que dependen dun xuízo de valor:** ata un máximo de 30 puntos

- Proposta técnica de desenvolvemento do servizo: ata un máximo de 30 puntos.

Valorarase neste apartado os aspectos que redunden na calidade da prestación do servizo, de acordo co establecido no **ANEXO III** deste prego. Para a avaliación da proposta técnica (máximo 30 puntos) terase en conta:

XESTIÓN (máximo 10 puntos):

- Protocolo de inicio de axuda no fogar. Máximo 3 puntos
- Protocolo de seguimento do servizo. Máximo 7 puntos

COORDINACIÓN (máximo 10 puntos):

- Sistema de información e coordinación interno da empresa (Dirección/coordinación/auxiliares): valorarase contar cunha aplicación informática a tal efecto, e a súa posta a disposición do concello. Máximo 2,5 puntos
- Sistema de información e coordinación co concello. Máximo 2,5 puntos
- Sistema de información e coordinación cos usuarios e a familia. Máximo 2,5 puntos
- Sistema de substitución de auxiliares por imprevistos urxentes. Máximo 2,5 puntos

CALIDADE (máximo 10 puntos):

- Sistema de reclamacións e suxestións por parte dos usuarios e familias. Máximo 5 puntos
- Protocolo de actuación dos/as auxiliares ante enfermos/as mentais, terminais, mobilización de persoas dependentes e outras circunstancias excepcionais. Máximo 5 puntos

#### b) **Criterios avaliados de forma automática:** ata un máximo de 70 puntos.

b.1) **Oferta económica**, de acordo do **ANEXO IV** deste prego: ata un máximo de 40 puntos. Valórase ata 40 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan). Calcularase aplicando a seguinte fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.dicoruna.es/valoracion/>).

b.2) **Ofertas de mellora**, de acordo co **ANEXO IV** deste prego: ata un máximo de 30 puntos.

---

## Concello de Xermade



## Concello de Xermade

---

Servizos complementarios ofertados sen custe a maiores dos previstos nos pregos destinados a incrementar a calidade de vida das persoas usuarias e as súas familias, en concreto:

- **bolsa de horas gratuitas anuais de libre disposición para o concello** (ata un máximo de 18 puntos), puntuándose con arranxo ao seguinte baremo: 0,03 puntos por hora, ata un máximo de 600 horas anuais.

- **servizos de préstamo de axudas técnicas** para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal (ata un máximo de 12 puntos), puntuándose con arranxo ao seguinte baremo:

- Grúas de mobilización persoal: 0,50 punto por unidade, ata un máximo de 5 puntos.
- Camas articuladas: 0,50 punto por unidade, ata un máximo de 5 puntos.
- Sillas-bañera: 0,10 punto por unidade, ata un máximo de 2 puntos.

Os servizos complementarios ofertados polos licitadores como melloras prestaranse atendendo ás necesidades dos usuarios, a proposta da empresa adxudicataria, previo informe dos técnicos de servizos sociais do Concello e/ou no seu caso informes médicos correspondentes, e sempre en coordinación co responsable do contrato e cos servizos sociais do concello.

Con respecto ás condicións especiais de execución do contrato, ao tratarse dun contrato de servizos, ao abeiro do art. 202 da Lei 9/2017, considerase conveniente ter en conta consideracións de tipo social:

1ª. No caso de novas contratacións ou promocións para postos de traballo de maior cualificación ou de coordinación, durante o período de execución do contrato, a metade deberán ser ocupados por mulleres. Para comprobar o cumprimento desta condición a empresa ou persoa adxudicataria presentará anualmente un informe da plantilla de persoal da empresa con datos desagregados por sexo. O contratista acompañará con documentos da Seguridade Social que xustifiquen os datos presentados no informe.

2ª. No caso de novas contratacións durante o proceso de execución do contrato, tamén aquelas de carácter temporal por razóns de reforzo, cando menos a metade das mesmas, realizaranse con base á reinserción laboral de mulleres en condicións especiais (desemprego de longa duración, emprego de mulleres en colectivos de alto desemprego como persoas menores de 35 anos, vítimas de violencia de xénero, entre outras). Para comprobar o cumprimento desta condición o adxudicatario presentará anualmente un informe da plantilla de persoal da empresa con datos desagregados por sexo. O contratista acompañará con documentos da Seguridade Social que xustifiquen os datos presentados no informe.

3ª. Cumprimento do convenio colectivo aplicable: o adxudicatario, ademais de cumprir, respecto dos traballadores/as vinculados/as á execución do contrato, as disposicións legais, regulamentarias e convencionais vixentes en material laboral, de seguridade social e de seguridade e saúde no traballo, deberá cumprir o convenio colectivo aplicable, respectando as condicións que, respecto da subrogación de traballadores/as se estableza en dito convenio e abonando, en todo cao, alomenos o salario recollido no mesmo segundo a categoría profesional que lle corresponde á/ao traballador/a.

4ª. Cumprimento de pago dos salarios do persoal adscrito ao contrato: o adxudicatario deberá estar ao corrente do pago das nóminas do persoal que participe na execución do contrato. Considerarase que se incumpre esta condición cando se produza un retraso ou impago no abono das nóminas en máis de dous meses. A tal efecto, a administración poderá esixir, xunto á factura mensual, o envío da certificación acreditativa de que o contratista se atopa ao corrente no pago de nóminas dos traballadores que executen o contrato, emitida polo representante legal da empresa.

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional segunda da LCSP ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais, o órgano de contratación do Concello de Xermade é o Pleno, posto que o valor estimado do contrato (3.606.464,00€) supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento do 2019 (166.532,92€).

O que asino en Xermade, a 20 de maio de 2019.

O alcalde

Roberto García Pernas

---

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



## Concello de Xermade

---

(documento asinado dixitalmente)

---

**Concello de Xermade**

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027